

MATERIA **BIOLOXÍA XEOLOXÍA 2º Bacharelato**PROFESOR/A **Ana Palmero Aneiros****CONTIDOS**

<p><b>1.ª AVALIACIÓN</b> <b><u>Bloque 1: A base molecular e fisicoquímica da vida</u></b> <b>UNIDADES:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• OS BIOELEMENTOS, A AUGA E OS SALES MINERAIS</li> <li>• OS GLÍCIDOS</li> <li>• OS LÍPIDOS</li> <li>• AS PROTEÍNAS</li> <li>• OS ÁCIDOS NUCLEICOS</li> <li>• AS ENZIMAS E AS VITAMINAS</li> </ul>	<p><b>2.ª AVALIACIÓN</b> <b><u>Bloque 2: A célula viva. Morfoloxía, estrutura e fisioloxía celular</u></b> <b>UNIDADES:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• A CÉLULA, UNIDADE ESTRUCTURAL E FUNCIONAL</li> <li>• A MEMBRANA PLASMÁTICA, O CITOSOL E OS ORGÁNULOS NON MEMBRANOSOS</li> <li>• OS ORGÁNULOS CELULARES DELIMITADOS POR MEMBRANAS</li> <li>• O METABOLISMO. O CATABOLISMO</li> <li>• O ANABOLISMO</li> <li>• A REPRODUCCIÓN E A RELACIÓN DA CÉLULA</li> </ul>	<p><b>3.ª AVALIACIÓN</b> <b><u>Bloque 3: Xenética e evolución</u></b> <b>UNIDADES DIDÁCTICAS</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• A XENÉTICA MENDELIANA</li> <li>• O ADN PORTADOR DA MENSAXE XENÉTICA</li> <li>• AS MUTACIÓNS E A ENXEÑARÍA XENÉTICA</li> <li>• A EVOLUCIÓN E A XENÉTICA DE POBOACIÓNS</li> </ul> <p><b><u>Bloque 4: O mundo dos microorganismos e as súas aplicacións. Biotecnoloxía.</u></b> <b>UNIDADES DIDÁCTICAS</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• OS MICROORGANISMOS</li> <li>• MICROORGANISMOS ENFERMIDADES E BIOTECNOLOXÍA</li> </ul> <p><b><u>Bloque 5: O sistema inmunitario. A inmunoloxía e as súas aplicacións</u></b> <b>UNIDADES DIDÁCTICAS</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• O PROCESO INMUNITARIO</li> <li>• ANOMALÍAS DO SISTEMA INMUNITARIO</li> </ul>
---	---	---

**CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN**

Ao longo do curso realizaranse tres avaliacións seguindo o calendario aprobado polo claustro.

## Obtención da cualificación

Probas escritas	90%
Traballo diario	10%

Para os alumnos/as que non acaden o 5, unha vez tidos en conta os aspectos anteriores, realizaranse unha recuperación por avaliación normalmente ao inicio do seguinte trimestre (a recuperación da terceira avaliación farase na proba final de recuperación).

**Nota final:**

A nota final da materia será a media das tres avaliacións unha vez tidos en conta os aspectos tratados anteriormente e para superala deberá obterse unha unha nota mínima de 5 puntos.

Os alumnos/as que non superen a materia, ao final do curso realizarán unha proba final de recuperación. Se un alumno/a ten máis dunha avaliación suspensa terá que examinarse de toda a materia.

No caso que non se supere a materia na avaliación ordinaria, farase unha proba na convocatoria extraordinaria. Esta proba versará sobre os contidos impartidos durante todo o curso, terá unha puntuación de 0 a 10 puntos e para superala será necesario acadar os 5 puntos.

\*Estes criterios complementáanse coas normas sobre cualificacións da programación, que transcribimos e ampliamos quedando:

a.- En canto ao redondeo de decimais realizarase ao número enteiro máis próximo e no caso de equidistancia ao superior, tal e como establece a normativa educativa para cálculos de nota media

b.- Se un alumno/a é sorprendido copiando mediante calquera sistema durante a realización dunha proba escrita, a cualificación no exame correspondente será de 0 puntos.

c.- O uso de calquera dispositivo electrónico (móvil, MP3, Ipad, tableta, etc) durante a realización das probas escritas (exames, controis de clase,...) será sancionado cun cero na cualificación da correspondente proba.